

POÉTICA DUN DEBUT LITERARIO

POETICS OF A LITERARY DEBUT

Cecilia F. Santomé

ORCID: 0009-0000-7720-2637

Resumo: A primeira novela —primeira e única ou primeira de tantas— posúe unha transcendencia maior aínda, se cadra, que a que se lle presupón en tanto que carta de presentación de quen a escribe. Pois non só constitúe un laboratorio de probas no que se manexan recursos e discursos coa intuición de quen camiña por un corredor en penumbra cara a un verme de luz que chispea ao lonxe, senón tamén unha proba en si mesma. Da materialidade da intención literaria, da capacidade de cultivar un sentido. Da posibilidade.

Volver a ela ten algo de reparador e de reivindicativo. A distancia —temporal e creativa— concede o acougo necesario para analizar motivos e intencións dese texto iniciático, libre xa da sombra da recepción. Velaquí unha aproximación ao nacemento de *Quérote. Eu tampouco*. Coma quen di, á miña chegada á escritura.

Abstract: The first novel —the first and only or the first of many— has an even greater significance, perhaps, than what is regarded as a letter of introduction from the person who writes it. It is not only a test laboratory in which resources and discourses are handled with the intuition of someone who walks down a dark corridor towards a spot of light, flickering in the distance, but also a test in itself. On the materiality of the literary intention, on the ability to cultivate a meaning. On possibility.

There is something restorative and rebellious about returning to it. (Temporary and creative) distance provides the calm required to analyse the motives and intentions of that initiatory text, now free from the shadow of reception. Here is an approach to the birth of *Quérote. Eu tampouco*. My approach to writing, we might say.

Palabras chave: chegada á escritura, debut literario, novela de debut, novela en galego, novela, narrativa galega, literatura galega, literatura en galego.

Key words: approach writing, literary debut, debut novel, novel in Galician, novel, Galician narrative, Galician literature, literature in Galician.

Comecemos polo principio, pola chegada á escritura —aínda que a acepción que aquí manexa estea exenta do carácter metafórico que Hélène Cixous lle atribuíu no seu texto homónimo (*La venue à l'écriture*, 1977)—. E comecemos por desmitificala, pois coido que a chegada á escritura non existe nun sentido estrito ou, canto menos, unha non pode nunca prever que nun futuro ha poder cualificar como tal o preciso instante en que colleron ritmo eses movementos illados, zoupóns e vagamente estereotipados que decidiu dar en facer un día sen maior transcendencia arredor dun caderno —con pauta ou sen ela?—, cun bolígrafo na man, ou percorrendo o teclado do ordenador coa lixeireza dun Rakhmáninov inspirado.

Do mesmo xeito que os fitos históricos non adquiren dita condición ata que a perspectiva e a distancia temporal permiten facer unha lectura ponderada do impacto do acontecido orixinalmente no que estaba por vir, así a persoa que despexa o seu escritorio e a súa axenda para escribir —nun acto xa non casual senón premeditado, preconcebido e ordenado— carece da separación necesaria fronte a ese xesto para calibrar a importancia do mesmo. Só o futuro dirá se foi unha simple tentativa, unha coreografía se cadra algo pretenciosa ou se constituíu un exercicio tristemente pouco solemne mais fundacional dunha carreira literaria.

Tantos anos despois, agora sei que eu cheguei á escritura nun outono máis ben morno de hai oito anos. Entre pilas de libros, fixen oco na mesa do comedor da casa dos meus pais e instaleime alí sen outro propósito que existir durante a paréntese persoal e laboral que se albiscaba no horizonte. Ninguén agardaba; eu, tampouco. E esa ausencia de expectativas, esa liberdade radical aínda que sobrevida foi o mellor acicate para darlle resposta á pregunta da literatura que levaba dentro.

Alguén dixo que a primeira novela é aconsellable escribirla dende a experiencia, buscar nela a materia narrativa que permita construír arredor dun e pisar terreo seguro canto menos no tocante ao argumento. Mais que pode entenderse por “experiencia” cando o propio significante se esfarela nunha multiplicidade de significados e nos convida a baixar os brazos e asumir a imposibilidade de abranguer esa especie de estalido calidoscópico que é a vida en esencia? Que tire a primeira pedra quen pronuncie esa palabra e na súa cabeza se materialice unha única e unívoca imaxe, quen sexa quen de individualizar unha vivencia sen ter conciencia da selección que está operando. Porque esa é en relación a outras, antes

doutras, despois doutras, mellor ou peor ca outras. A experiencia —concepto así ambiguo— pide modificadores ou sintagmas preposicionais que a acompañen e a volvan particular, manexable, humana. Accesible para o seu tratamento literario.

Falaba Elizabeth Strout por boca dunha profesora de escritura creativa en *My Name Is Lucy Burton* (2016) aconsellándolle á protagonista que realizase unha pescuda íntima, un exame de conciencia para facer abrollar ese ou eses temas —dous ou tres, como máximo— sobre os que desexaría escribir unha vez e outra, á marxe de formas e de enfoques, ata a fin dos seus días. Pois a irmá, o dó, a cidade, o frío, a risa, o desarraigo, o sono, o ruído, a non maternidade son en primeiro lugar ancoraxes da nosa ollada sobre o que nos rodea antes de converterse en materia para a ficción ou a non ficción.

A min interésanme moito —moitísimo— as dinámicas familiares, un concepto quizais excesivamente impreciso así expresado. A familia como espazo da formación e de modelaxe da identidade. A familia, sexa cal sexa o significado que un lle atribúa á palabra. E, tamén, unha certa forma de soidade non sempre percibida —e menos verbalizada— que se desprende do seu colapso.

Escribiría, xa que logo, de pais e fillos, de nais e fillas, de fillas e pais. Da necesidade e da dependencia, do rexeitamento e da ausencia, da falla por exceso e por defecto. Faríao dende iso que máis arriba denominei “experiencia”, pero non dende a propia senón dende a coñecida por boca de terceiros, esa á que se accede por procuración e que se nos presenta trufada de silencios, zonas de sombra e baleiros, a cuxa natureza só podemos achegarnos mediante unha especie de osmose. Coa ambición dunha entomóloga, quixen estudar a conduta de persoas da miña xeración marcadas por un forte desarraigamento e co agravante de viviren nun ambiente urbano tendente á deshumanización. Grace, Frank e a súa relación en descomposición daríanme pé, por exemplo, a debuxar o cadro da inestabilidade afectiva e a aventurar unha lectura da mesma. A explorar a validez da idea case freudiana de que na infancia se sementan as fortunas e os infortunios da idade adulta. A asomarme a tantas formas absurdas de arruinar o gozo dentro dunha parella, dunha familia, dunha sociedade; á incapacidade patolóxica de experimentar a felicidade. Da converxencia desas intencións e intuicións foi abrollando *Quérote. Eu tampouco* (2019), unha novela que captura un tempo e unha emoción moi concretos. Que responde ao espírito daquel realismo primixenio que se pretendía testemuño e notario da súa época.

Sen teren vocación de universais, estes dous seres á deriva convertéronse en nós, en ti, en min, neles. Somos todos e ningún. Son os pobres representantes dun xeito de estar no mundo. Porque, no meu maxín, Grace e Frank tiñan inicialmente algo de arquetipos. Unhas formas máis ou menos xenéricas ás que lles faltaba entidade física. Érame imperativo dotalos de corporeidade, facelos xurdir desa

“paisaxe nebulosa” —en termos de Iris Murdoch (1954)— á que lle estaba abrindo a porta ao armar a novela. Coma no teatro, decidín que os meus personaxes se fixesen carne mediante a palabra; pero, ao contrario que na escena, negueilles o monopolio do uso da mesma. A inestabilidade das súas condicións materiais e emocionais había de ter unha correspondencia no plano formal. Quen lese, debía verse exposto a un clima de axitación de natureza análoga ao que os protagonistas arrastran. Para iso, dinamitei o texto en infinitos fragmentos e outras tantas voces. O narrador omnisciente iría pasándolle o facho a unha presa de personaxes secundarios chamados a contribuír a unha imposible verdade —véndose eles tamén condicionados polo inevitablemente limitado coñecemento da intimidade allea—. Séndolles esquivia a dimensión real do drama, a súa intervención serviría para subliñar o carácter relativo da ollada e para rebaixar no lector a tentación de escoller un bando. *Quérote. Eu tampouco* debía fuxir da simplicidade inherente á articulación da análise de realidades complexas en termos de bos contra malos, como se a vida sucedese nun *western*.

Se esta novela fose un lenzo, nel predominarían os tons medios, matizados, nunha gama ampla que iría dende o marfil arrojado das meixelas de Grace entre as sabas ou o cerúleo do rostro de Frank xacente nunha cama de hospital ata o louro apagado do cabelo dela recollido sen ansia. Sería a carne no seu esplendor e na súa decadencia. Sería unha suma de impresións que se desvelasen ao aproximarse, un cadro centrífugo, unha frase cuxa derradeira palabra se perdesse de xeito irremediable.

Tan aberta coma a propia fin da novela. Saín dela canda unha personaxe esvaída ao fondo do plano, contaxiada da súa présa. Co tempo, entendín que me sinto máis cómoda permitindo que entre un derradeiro refacho de aire nos espazos dos meus textos antes de abandonalos arrimando só a porta ás miñas costas. Cunha lixeirísima presión, pódense botar fóra argumentos, idiosincrasias, tramas, arquetipos, lugares que volverán manifestarse un, dous libros máis adiante. *Quérote. Eu tampouco* é unha especie de irmá bastarda de *Unha rapaza de provincias* (2021), que, á vez, dialoga con “As orfas daquel verán” (2022), relato que, en non poucos sentidos, constitúe unha ponte entre elas.

Dese embigo simbólico que é unha novela de debut parte un cordón umbilical que conecta, abastece e mantén vivo o discurso sobre o que se cimenta —consciente ou inconscientemente— a maneira de estar na literatura de cadaquén. *Quérote. Eu tampouco* foi a primeira manifestación da miña. Se cadra, aínda non parei de escribila.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cixous, Hélène (1977). *La venue à l'écriture*. Paris: Union générale d'éditions.
- Fernández Santomé, Cecilia (2019). *Quérote. Eu tampouco*. Vigo: Xerais.
- Fernández Santomé, Cecilia (2021). *Unha rapaza de provincias*. Vigo: Xerais.
- Fernández Santomé, Cecilia (2022). As orfas daquel verán. En: *A garza en chamás*. Santiago de Compostela: Alvarellos.
- Murdoch, Iris (1954). *Under The Net*. Londres: Chatto & Windus.
- Strout, Elizabeth (2016). *My Name Is Lucy Burton*. Nova York: Random House.